

## RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente de contratación nº: AL-CEI-11/2025-2

**Obxecto do contrato: Aluguer do local 11 do Edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia**

### **Mesa de contratación:**

Presidente: Javier Taibo Gallego, Director Xerente de Parque **Tecnológico** de Galicia S.A.

Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración

Vogais:

- M<sup>a</sup> Luisa Pena Nieto, directora de Administración e Finanzas
- Beatriz Monfort Liniers, técnica de proxectos.

### **Características do procedemento:**

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 18/11/2025

Data de apertura das proposicións: 04/12/2025

### **Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS**

Presentouse en prazo unha única proposición, da persoa FELIPE PANTOJA BARGIELA.

### **Segundo.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

O único criterio de valoración que establece o Prego é o do prezo, adxudicándose á proposta que cumprindo os criterios de admisión achegue o prezo maior, tal e como se transcribe a continuación:

*“O contrato adxudicarase a aquela oferta cuxo importe sexa maior sempre e cando alcance o Prezo base de licitación indicado no punto 5.1 do cadro de características do presente Prego.*

*Serán excluídas as propostas de entidades aquelas que non cumpran os criterios de admisión do Parque Tecnológico de Galicia que se describen no Anexo II.*

*En caso de que dúas ofertas presenten o mesmo prezo o contrato adxudicarase por sorteo.*

*En caso de que o concurso se declare deserto, PTC, S.A. poderá proceder á adxudicación directa do contrato de aluguer durante o ano posterior á declaración de deserto..”*

#### **Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA**

A Mesa de contratación comprobou que a única oferta presentada cumpre os requisitos e que propón un prezo igual ao prezo base de licitación, polo que a oferta presentada por FELIPE PANTOJA BARGIELA. foi admitida.

#### **Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

En vista da única proposta presentada e comprobado que cumpre cos requisitos establecidos nos correspondentes Pregos, a Mesa acordou propoñer a adxudicación do contrato para o aluguer do local 11 do edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia, expediente AL-CEI-11/2025-2, a FELIPE PANTOJA BARGIELA.

#### **Quinto.-**

En data 4 de decembro de 2025 comunicóuselle a FELIPE PANTOJA BARGIELA. a proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles, para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de

presentar a garantía definitiva correspondente en concepto de fianza por importe de dúas mensualidades de aluguer, IVE excluído.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

**RESOLVE:**

- 1) Adxudicar a **FELIPE PANTOJA BARGIELA** con **NIF 35585656X** o aluguer do local 11 do edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia, expediente **AL-CEI-11/2025-2**, conforme á súa oferta económica, por un importe de **126 €/mes**. IVE non incluído, con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web [www.tecnopole.gal](http://www.tecnopole.gal) e notificar esta adxudicación á adxudicataria e única licitadora.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución á licitadora.

En San Cibrao das Viñas, na data da sinatura dixital.

**O DOCUMENTO ORIXINAL ESTÁ ASINADO DIXITALMENTE O 5/12/2025**

Asdo. Margarita Ardao Rodríguez

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnológico de Galicia S.A.